



LISTA DE ASISTENTES

Alonso De Abel, Diego
Araujo Otero, Uxía
Area Carracedo, Iván
Barcia Rodríguez, Ignacio
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesqueira, Antonia
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Campos Casal, Jacobo
Castro Oliva, Manuel
Cid Fernández, Xose Manuel
Cidrás Pidre, José
Cruces Colado, Susana
Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Domínguez Martín, Jorge
Fandiño Alonso, Xaime
Fariñas Valiña, Iago
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
Garrido Valenzuela, Irene
Garriga Domínguez, Ana
Gesteira Iglesias, Nuria
González Pillado, Esther M^a
González Piñeiro, Luis
González Vázquez, Encarnación
Hernández Sánchez, Jesús
Lago Teijeiro, Xan
Legido Soto, José Luis
Martínez Insua, Ana Elina
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Méndez Franco, Óscar
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Muñoz, María
Pereira Domínguez, Alejandro
Pousada Carballo, José María
Quintela Vilariño, Francisco José
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodeiro Iglesias, Javier
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Sueiro Justel, Joaquín
Torres Vázquez, Luis
Vidal Vázquez, Ricardo
Vivas Martínez, Carlos

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de xullo de dous mil seis, convocada para as 10:15 horas en primeira convocatoria e as 10:45 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O venres, día 21 de xullo de 2006, ás 10:15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Elección membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: organización académica e profesorado, planificación e asuntos económicos, investigación, extensión universitaria e estudantes.
3. Elección membros do Consello Social.
4. Elección membros da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.
5. Aprobación, se procede, da substitución de D. Alberto Gago Rodríguez como vocal da Universidade no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A. e de D. Domingo Docampo Amoedo como Conselleiro en representación da Universidade no Consello de Administración de Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.
6. Substitución dos membros da presidencia da Comisión de Posgrao.
7. Información de xeracións de crédito.
8. Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.
9. Aprobación, se procede, de solicitudes de transferencias de crédito.
10. Aprobación, modificación e supresión, se procede, de cargos académicos.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia – Convenio de colaboración entre a Hochschule Karlsruhe (Alemania) e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de la Salle (México) e a Universidade de Vigo para o intercambio de estudantes.
12. Rogos e preguntas.

Punto 1.- Informe do Reitor.

Informa o Sr. Reitor dos asuntos tratados en dúas xuntanzas recentes: a Comisión Académica do Consejo de Coordinación Universitaria e o Consello Galego de Universidades.

Na Comisión Académica do Consejo de Coordinación Universitaria, o Secretario de Estado de Universidades e Investigación presentou as liñas básicas de política universitaria que defende o novo equipo ministerial, centrándose en dous asuntos:

En primeiro lugar o Ante-proxecto de reforma da LOU (que figura colgado na páxina Web da UVigo), coa intención de ter aprobado o texto definitivo no mes de xaneiro, sendo a súas principais novidades as seguintes:

- consolidación do modelo de acreditación en substitución do actual de habilitación, coa carreira académica organizada en dúas fases principais : primeira, un proceso centralizado e non presencial de acreditación ; e segunda, un concurso de acceso entre acreditados, que deberá definir e resolver cada Universidade.
- Definición con flexibilidade por cada Universidade dos concursos de acceso entre habilitados, debendo ser públicos e cunha proba expositiva.
- Definición das novas figuras de profesorado non funcionario, incluíndo Axudantes, Contratados Doutores , Eméritos e Visitantes. Para a figura de Axudantes e Axudantes Doutores se definen contratos por un tempo máximo de 5 anos en cada caso, que serán 8 en total no caso de corresponder á mesma Universidade, sen que de xeito automático estes contratos poidan converterse en contratos fixos segundo a lexislación laboral vixente.
- Establecemento de procesos voluntarios de transición cara a figura de Profesor Titular de Universidade, para as actuais figuras de Catedrático de Escola Universitaria (durante un ano a partir da entrada en vigor da Lei) e Profesor Titular de Escola Universitaria (que acaden o título de Doutor e se acrediten no prazo máximo de 8 anos), quedando o resto na condición de figuras a extinguir.
- Previsión dunha excedencia tecnolóxica por 5 anos para que os profesores universitarios poidan traballar en proxectos empresariais de base tecnolóxica, é dicir, proxectos que desenvolvan resultados obtidos polos grupos de investigación da Universidade ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas.
- Por último, o anteproxecto deixa na man das Universidades a definición da composición das comisións de selección das prazas convocadas e flexibiliza a fórmula para a elección do Reitor, permitindo ás Universidades escoller o procedemento de elección polo Claustro ou mediante elección directa e sufraxio universal.

Segundo sinala o Reitor, estas novidades coinciden basicamente coas propostas da CRUE, aínda que tamén concorren algunhas ausencias e diferenzas de certa consideración, en concreto: a regulación dun Contrato de Substitución; a exención tributaria plena das Universidades; a posibilidade de recorrer ó Concurso de Méritos; as exixencias de representación nas Universidades Privadas; a posibilidade de incentivar “Plans de Xubilación Anticipada Voluntaria”; e a incorporación no texto legal dun Modelo de Financiamento para o Sistema Universitario.

Diante destas novidades, a CRUE ten prevista unha xuntanza monográfica en setembro para unha toma de posición, sendo conscientes de que as posibilidades para seguir influíndo no

proceso de reforma son limitadas, aínda que a intención é seguir a evolución do trámite parlamentario e adoptar unha posición pública en función do mesmo.

En segundo lugar, na mesma sesión, o Secretario de Estado presentou as novas liñas xerais de Política Universitaria do novo equipo ministerial, con bastantes novidades, algunhas sorprendentes como imos ver.

En relación ós novos títulos, séguese co obxectivo de cumprir os prazos previstos, pero reorientase o proceso coas seguintes novidades:

- Suprímese o Catálogo de Títulos e no seu lugar, créase un Rexistro de Títulos de ámbito nacional, que funcionará a modo de ventanilla de control. Polo tanto, nin se definen títulos, nin valen as Directrices específicas para cada un deles. O que se aprobará será a creación dun procedemento de validación para os títulos que cada Universidade, no uso da súa autonomía, queira poñer en práctica e a Comunidade Autónoma correspondente llo autorice. O procedemento de validación terá en conta que as diferentes propostas verifiquen unhas condicións académicas mínimas, que se poden definir do seguinte xeito :

Se son títulos que cobren competencias profesionais regradas mediante normas oficiais, esixiráselles que polo menos cubran esas competencias coa docencia proposta .

Se os títulos propostos non teñen competencias profesionais regradas, esixiráselles que cubran os aspectos básicos da disciplina dun xeito estandarizado.

- O Ministerio definirá unicamente Directrices Xerais de Ámbito Científico (Exemplo para Ciencias Sociais: Comunicación Audiovisual, Psicopedagogía, Economía, Dereito, Ciencias da Educación, Empresa...).
- Os Títulos de Grao poderán acadar un máximo de 240 créditos (o que permite supoñer que haberá un so tipo de título de grao, a 240 créditos).
- Nos títulos de Posgrao quérese clarificar mellor a situación dos Programas de Doutoramento. A intención é diferencialos dos Másters Profesionalizantes, seguramente cunha nova norma específica. Esta intención é a que explica a nova prórroga para o Doutoramento antigo.
- En canto os Másters, non hai novidades, agás que deste xeito se resalta o seu carácter profesionalizante. Serán títulos de 60 ou 120 créditos e o procedemento de validación será semellante ao Grao.

O calendario previsto é o seguinte:

Novembro 2006: condicións e directrices xerais para familias de títulos sen competencias profesionais regradas.

Decembro 2006: o mesmo para o resto de títulos.

Xaneiro-Febreiro-Marzo 2007: información e debate no Consejo de Universidades.

Abril-Maio 2007: Inicio dos traballos para a elaboración dos novos planos de estudio,

Setembro 2007: traballo finalizado. Posta en marcha dos novos plans.

2011: fin da aplicación dos novos Plans.

Finalmente, na sesión do Consejo comentáronse outros asuntos que poden ser de interese :

Para cubrir o lapsus entre a habilitación actual e a nova acreditación, apróbase unha nova convocatoria de prazas de habilitados (3 por área como mínimo), só onde se teña pedido e sempre que non haxa máis de 3 habilitados dispoñibles.

- O Ministerio encargoulle ó equipo do profesor Michavila un “Informe sobre Metodoloxías Docentes no EEES” que está practicamente listo e será presentado publicamente no mes de setembro.
- Así mesmo, no seo do Consejo hai unha comisión que está elaborando un informe sobre Financiamento que pode estar listo e ser presentado en 3 meses.

Pola súa parte, na sesión do Consello Galego de Universidades, celebrada o pasado 7 de xullo, comenta o Sr. Reitor o seguinte:

No que respecta aos complementos, nos actuais apróbase a realización de dúas convocatorias anuais, mentres que nos novos, apróbase poñer en práctica durante 2006 o “Complemento por excelencia docente e investigadora”, estudándose se é viable orzamentariamente facelo con efectos dende o actual mes de xullo; e a partir de 2007 entrará en vigor o “Complemento de Xestión”, ou por desenvolvemento de cargos académicos.

En materia de posgrao, preséntase un “Borrador de Decreto” aprobando o procedemento para facer propostas de novos Títulos de Máster para o vindeiro curso. Establécese, ademais un calendario perentorio que nos leva ó 15 de novembro, tendo que actuar entre medias os Centros que fan as propostas, o Consello de Goberno, o Consello Social, a ACSUGA e a Consellería. Por último, ábrese unha liña específica de apoio financeiro para estas propostas (800.000 euros).

Finalmente, anúnciase a vontade de reforzar orzamentariamente o Fondo de Calidade que inclúe o Plan de Financiamento do SUG, coa pretensión de trazar unha senda de incrementos para o quinquenio 2007-2012 que permita chegar ó obxectivo de acadar o 1% do PIB. Con tal motivo, no segundo semestre do ano crearase unha comisión dedicada a estudar a maneira concreta de retocar o plan para incorporar esta modificación nas súas condicións e no seu prazo.

Punto 2.- Elección membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: organización académica e profesorado, planificación e asuntos económicos, investigación, extensión universitaria e estudantes.

Procédese a elección de membros das Comisións delegadas estables previstas no art. 16 RRICG. Nas Comisións de Organización Académica e Profesorado, Planificación e Asuntos Económicos e Investigación, tense presentado tantos candidatos como postos nos sectores de Profesorado e Pas, quedando incluso postos vacantes no sector de Estudantes nas Comisións de Investigación e Planificación e Asuntos Económicos, o que fai innecesaria a elección.

Na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes tense presentado tamén tantos candidatos como postos no sector Profesorado, o que fai innecesaria a votación; en cambio é necesaria a elección nos sectores de Pas e Estudantes, onde hai mais candidatos que postos.

Polo sector de Estudantes tense presentado tres candidatos para dous postos (despois da presentación da súa renuncia a participar no proceso electoral por parte de D. Iago Fariñas Valiña. Xúntase no **Anexo I**). Os candidatos son:

Araujo Otero, Uxía
Gesteira Iglesias, Nuria
Quintela Vilariño, Francisco

Polo sector de Pas, tense presentado dous candidatos para unha praza. Os candidatos son:

Bernal Gómez, Rosa
Torres Vázquez, Luis

Efectuada a votación nos sectores de Estudantes e Pas, o resultado é o seguinte.

No sector dos Estudantes:

Votos emitidos: 8

O reparto de votos é:

Araujo Otero, Uxía: 3 votos
Gesteira Iglesias, Nuria: 2 votos.
Quintela Vilariño, Francisco: 3 votos.

No sector do PAS:

Votos emitidos: 3

O reparto de votos é:

Bernal Gómez, Rosa: 2
Torres Vázquez, Luis: 1

A composición das Comisión queda do seguinte xeito:

Comisión de Investigación:

Vicerreitor de Investigación: Manuel Reigosa Roger

PROFESORADO

Garriga Domínguez, Ana
Martínez Insua, Ana Elina
Mejuto Fernandez, Juan Carlos
Ortiz Torres, Luis
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago
1 praza vacante

PAS

Bernal Gómez, Rosa

CONSELLO SOCIAL: pendente

Comisión de Organización Académica e Profesorado:

Vicerreitor de profesorado: Antonio García Pino.

PROFESORADO

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Fandiño Alonso, Jaime
Muñoz López, Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Sueiro Justel, Joaquín

ESTUDANTES

Alonso de Abel, Diego
Fariñas Valiña, Iago

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

García Lores, José Antonio

Comisión de planificación e asuntos económicos:

Vicerreitora de Economía: María Montero Muñoz.

PROFESORADO

Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
González Piñeiro, Luis
Reboreda Morillo, Susana
Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago
1 praza vacante

PAS

Torres Vázquez, Luis

CONSELLO SOCIAL: pendente.

Comisión de Extensión universitaria e Estudiantes:

Vicerreitora de extensión cultural e estudantes: M^a Carmen Cabeza Pereiro:

PROFESORADO

Barcia Rodríguez, Ignacio
Cid Fernández, Xosé M.
Pereira Domínguez, Alejandro
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Vivas Martínez, Carlos

ESTUDANTES

Araujo Otero, Uxía
Quintela Vilariño, Francisco

PAS

Bernal Gómez, Rosa

CONSELLO SOCIAL: pendente.

Punto 3.- Elección membros do Consello Social.

Procédese a elección de membros do Consello Social, de acordo co art. 24 RRICG. No sector de Profesorado hai un candidato para o posto existente, o que fai innecesaria a elección, pero en cambio nos sectores de Estudiantes e Pas hai dous candidatos para cada posto, o que esixe proceder á correspondente elección.

No sector de Estudiantes, tense presentado dous candidatos para un posto. Os candidatos son:

Fariñas Valiña, Iago
Méndez Franco, Óscar.

No sector de Pas, tense presentado dous candidatos para un posto. Os candidatos son:

Mollinedo Lois, Carlos
Torres Vázquez, Luis

Feita a elección, o reconto é o seguinte:

No Sector estudantes:

Votos emitidos: 8

O reparto de votos é:

Fariñas Valiña, Iago: 2 votos.
Méndez Franco, Óscar: 6 votos.

No Sector Pas:

Votos emitidos: 3

O reparto de votos é:

Mollinedo Lois, Carlos: 2 votos
Torres Vázquez, Luis: 1 voto

Os representantes da Universidade no Consello Social son:

PROFESORADO

Montero Muñóz, María

ESTUDANTE

Méndez Franco, Óscar

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

Punto 4.- Elección membros da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Procédese a elección da Comisión de Reclamacións a prazas de profesorado contratado, de acordo co art. 26 RRICG.

Para esta comisión tense presentado tantos candidatos como postos no sector de profesorado o que fai innecesaria a votación, mentres que no sector dos estudantes o posto queda vacante.

A composición é a seguinte:

PROFESORADO FUNCIONARIO

Buch Gómez, Enrique (doutor – xurídico-social)
 Cancela Carra, José M^a (doutor – xurídico-tecnolóxico)
 Jato Rodríguez, M^a Victoria (doutora – científico)
 Pérez Guerra, Javier (doutor – humanístico)
 Suárez Creo, Juan Manuel (tecnolóxico)
 Vázquez Núñez, Francisco (tecnolóxico)

ESTUDANTES

Vacante.

Punto 5.- Aprobación, se procede, da substitución de D. Alberto Gago Rodríguez como vocal da Universidade no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A. e de D. Domingo Docampo Amoedo como Conselleiro en representación da Universidade no Consello de Administración de Cidade Tecnolóxica de Vigo, S.A.

No que respecta a Cidade Universitaria, SA, neste momento Alberto Gago é vocal do Consello de Administración da CUSA e como a partir da súa elección como Reitor é membro nato e ten que ocupar o cargo de presidente do Consello de Administración, ante a necesidade de cubrir esa vacante, propónse a José Cidras, Vicerreitor de Planificación.

Apróbbase por asentimento.

Situación similar prodúcese no caso de Cidade Tecnolóxica de Vigo, onde Alberto Gago pasa a ser Presidente do Consello de Administración en lugar de Domingo Docampo.

Apróbbase por asentimento.

Punto 6.- Substitución dos membros da presidencia da Comisión de Posgrao.

Mentres non se aproba o novo Regulamento de Posgrado, propónse á Vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, Carmen García Mateo como Presidenta da mesma.

Apróbbase por asentimento.

Punto 7.- Información de xeracións de crédito.

Cédese a palabra ó Xerente quen informa das xeracións de créditos que se expoñen no anexo III.

Apróbanse por asentimento.

Punto 8.- Aprobación, se procede, da incorporación de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía, quen explica as incorporacións de remanentes de libre disposición, que deben ser aprobadas polo Consello de Goberno:

Programa 122F “Fomento de Proxectos de Investigación”.

0022 122F - 629.11 (Infraestruturas FEDER).....importe 130.955,35

0022 122F - 643.03 (IEA).....importe 893,41

Programa 214K RELACIONS INSTITUCIONAIS”

0000 214K - 640.01importe 4.953,00

Programa 211R “OFICINA DE RELACIONS INTERNACIONAIS”

Remanente aplicado ó programa 211rimporte 297.879,96

Apróbanse por asentimento.

Punto 9.- Aprobación, se procede, de solicitudes de transferencias de crédito.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón as solicitudes de transferencia de crédito que deben ser aprobadas polo Consello de Goberno:

Transferencia da TT14122H 6410105 á T512 122F 64102 importe 10.000,00 €

Transferencia Da VC02 122H 6410199 á K506 122F 64102 importe ... 6.000,00€

Apróbase por asentimento.

Punto 10.- Aprobación, modificación e supresión, se procede, de cargos académicos.

Debido a nova estrutura do equipo de goberno, formado por 11 vicerreitorías que non coinciden exactamente coas anteriormente existentes, é necesario proceder a reestruturar tamén as Areas, Oficinas e Centros adscritos ás vicerreitorías, de acordo co que se expón a continuación, coa indicación, no seu caso, da persoa concreta que vai dirixir a mesma:

CARGO	NOME	SEDE
<i>Director Área de Infraestruturas</i>	D. Daniel de la Torre Fraga	<i>Vicerreitoría de Planificación</i>
<i>Director de Área de Novos Proxectos</i>	D. José Luís Míguez Tabarés	<i>Vicerreitoría de Planificación</i>
<i>Comisionado de Plans Estratégicos</i>	D. J.M. García Vázquez	<i>Vicerreitoría de Planificación</i>

<i>Director do CACTI</i>	D. Angel Rodríguez de Lera	<i>Vicerreitoría de Investigación</i>
<i>Director da Área de Política de I+D</i>		<i>Vicerreitoría de Investigación</i>
<i>Director CIMAT</i>	D. Ricardo Beiras García-Sabell	<i>Vicerreitoría de Investigación</i>
<i>Director do Servicio de Publicacións</i>	D. Antón Palacio Sánchez	<i>Vicerreitoría de Investigación</i>
<i>Director Área de Centros</i>	D. Jesús Castro Fojo	<i>Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado</i>
<i>Director Área de Departamentos</i>	D. Javier Pérez Guerra	<i>Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado</i>
<i>Directora da Área de Grao</i>	Elena Alonso Prieto	<i>Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea</i>
<i>Director Área de Adaptación ao EEES</i>	D ^a Inmaculada Prieto Jimenez	<i>Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea</i>
<i>Director Oficina de Relacións Internacionais – O.R.I.</i>	D. Anselmo Seoane-Pampín Montenegro	<i>Vicerreitoría de Relacións Institucionais</i>
<i>Director Área Normalización Lingüística</i>	Henrique Costas González	<i>Vicerreitoría de Relacións Institucionais</i>
<i>Director do Centro de Linguas</i>	D. Jorge Figueroa Dorrego	<i>Vicerreitoría de Relacións Institucionais</i>
<i>Directora Área de Programas de Calidade</i>		<i>Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade</i>
<i>Director da Área de Novas Tecnoloxías</i>		<i>Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade</i>
<i>Director da Área de Estudantes e Deporte</i>		<i>Vicerreitoría de Extensión Cultural e Estudantes</i>
<i>Director da Área de Innovación Educativa</i>	D. Luís Anido Rifón	<i>Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa</i>
<i>Director da Área de Igualdade</i>		<i>Vicerreitoría de Extensión cultural e Estudantes</i>
<i>Director da Oficina de Medio Ambiente - OMA</i>	D. Ignacio Munilla Rumbao	<i>Facultade de Filoloxía e Tradución Edificio Isaac Newton – planta alta Campus Universitario – 36310 Vigo</i>
<i>Director CITI</i>		<i>Vicerreitoría do Campus de Ourense</i>
<i>Director da Área de Coordinación e Estudantes do Campus de Ourense</i>		<i>Vicerreitoría do Campus de Ourense</i>
<i>Director da Área de Planificación e Coordinación do Campus de Pontevedra</i>	D ^a Antonia Blanco Pesqueira	<i>Vicerreitoría do Campus de Pontevedra</i>
<i>Director de Extensión Universitaria e Estudantes do Campus de Pontevedra</i>	D ^a Ana Belén Fernández Souto	<i>Vicerreitoría do Campus de Pontevedra</i>

Intervén a Profesora Encarnación González Vázquez para preguntar sobre a situación do Director da OMA, o que é respondido polo Reitor indicando que, neste momento, é un contratado.

Tamén toma a palabra D. Lois Carlos Mollinedo Lois para preguntar por qué non están determinadas todas as persoas que van ocupar os cargos de directores de área. O Reitor responde que aínda están sen determinar e que, no seu momento, informarase a este Consello de Goberno sobre quen en concreto ocupará ese cargo.

Feitas estas aclaracións, apróbase por asentimento.

Neste punto informa tamén o Reitor que de acordo co previsto no art. 76 EUV, comunicará ó Consello Social o nomeamento de D. Manuel Castro Oliva como Xerente da Universidade de Vigo.

Punto 11.- Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a Consellería de

Sanidade, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia – Convenio de colaboración entre a Hochschule Karlsruhe (Alemania) e a Universidade de Vigo – Convenio específico entre a Universidade de la Salle (México) e a Universidade de Vigo para o intercambio de estudantes.

D Jacobo Campos Casal pregunta si no Convenio entre Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible, a Consellería de Sanidade, a Universidade de Santiago e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia está prevista a participación dos alumnos, o que é contestado en sentido afirmativo polo Vicerreitor de Investigación, quen procede a explicación concreta de cómo podería ser a mesma.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12.- Rogos e preguntas.

Intervén D. Diego Alonso para denunciar os graves prexuízos que xera a aplicación, en toda a súa extensión da normativa de permanencia desta Universidade, que está provocando que un número considerable de alumnos se vexan obrigados a pedir o traslado a outras Universidades.

O Reitor contesta que é un compromiso desta equipa de goberno proceder á revisión da citada normativa, cedendo a palabra ó Vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade quen expón os resultados da estatística feita sobre os alumnos ós que afecta a aplicación de normativa de permanencia.

Ante a evidencia dos prexuízos que efectivamente causa a aplicación da normativa, e ante a necesidade de resolver de forma inmediata o problema tendo en conta que os alumnos vanse matricular en setembro, o Reitor propón ós membros do Consello de Goberno que se lle autorice, a buscar a mellor solución posible neste momento, como medida provisional ata que non se modifique a Normativa de Permanencia.

Apróbase por asentimento.

O Sr. Torres Vázquez intervén para preguntar ó Reitor sobre a marcha da negociación do Convenio Colectivo do PAS Laboral, ó que o Reitor responde que o seu compromiso é animar á negociación pero sen interferir na mesma co obxecto de que se chegue a un acordo, deixando traballar ós técnicos.

Novamente intervén o Sr. Torres para por de manifesto a súa satisfacción ante as palabras do Reitor en canto levan xa dous anos nesa situación.

Seguidamente, D. Iago Fariñas, e os Profesores Alejandro Pereira e Luis Ortiz manifestan o seu apoio a esta iniciativa suscitada por D. Diego Alonso, avogando por una rápida solución a este problema. Aproveita tamén a ocasión o Prof. Alejandro Pereira para facer referencia ó problema do cómputo dos créditos de laboratorio ós alumnos repetidores, do que o Vicerreitor toma boa conta ós efectos do seu estudio.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:20 horas do día 21 de xullo de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e praxe do Reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado



LISTA DE ASISTENTES

Alonso De Abel, Diego
Araujo Otero, Uxía
Area Carracedo, Iván
Barcia Rodríguez, Ignacio
Bernal Gómez, Rosa
Blanco Pesqueira, Antonia
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Campos Casal, Jacobo
Castro Oliva, Manuel
Cruces Colado, Susana
Domínguez Martín, Jorge
Fandiño Alonso, Xaime
Fariñas Valiña, Iago
Gago Rodríguez, Alberto
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
Garrido Valenzuela, Irene
Garriga Domínguez, Ana
González Pillado, Esther M^a
González Piñeiro, Luis
González Vázquez, Encarnación
Hernández Sánchez, Jesús
Lago Teijeiro, Xan
Legido Soto, José Luis
Martínez Insua, Ana Elina
Méndez Franco, Óscar
Mollinedo Lois, Carlos
Montero Muñoz, María
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Pereira Domínguez, Alejandro
Pousada Carballo, José María
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Rodríguez Fuentes, Gustavo
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel
Sueiro Justel, Joaquín
Torres Vázquez, Luis
Vivas Martínez, Carlos

Acta da sesión extraordinaria constituínte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 21 de xullo de dous mil seis, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría

O venres, día 21 de xullo de 2006, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto 1.- Constitución do Consello de Goberno.

Punto 2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 21 de xullo de 2006.

Preside a sesión o Reitor, D. Alberto Gago Rodríguez, e actúa como Secretaria a Secretaria Xeral D^a Esther M^a González Pillado.

Punto 1.- Constitución do Consello de Goberno.

O Reitor procede á lectura dos membros de Consello de Goberno, de acordo coa relación que figura no **Anexo I**.

Deste xeito dáse por constituído o Consello de Goberno e o Sr. Reitor procede a dar a benvida a tódolos membros do mesmo.

Punto 2.- Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 21 de xullo de 2006.

Apróbase por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:15 horas do día 21 de xullo de 2006 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor

O Reitor

A Secretaria Xeral

Alberto Gago Rodríguez

Esther M^a González Pillado